

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA**

*RESOLUCIÓN do 12 de novembro de 2019 pola que se notifica a retirada de dereitos de pagamento básico do ano 2019.*

De conformidade co disposto no artigo 16.4 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á ganadería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, por non ter activados os ditos dereitos durante dous anos consecutivos, procede a retirada deles, pasando á Reserva Nacional.

Consonte co anterior, esta dirección

**RESOLVE:**

Primeiro. Facer pública a notificación na web do Fogga ([https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas\\_pac/dereitos\\_de\\_pagamento\\_basico](https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/dereitos_de_pagamento_basico)) da resolución de retirada de dereitos de pagamento básico do ano 2019 pola non utilización destes en dúas campañas consecutivas.

Segundo. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación, consonte o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade no artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Silvestre José Balseiros Guinarte  
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

